

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-B-10

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o texto da entrevista a Xesús Trillo, presidente de Convivium Galicia. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

“O MICROONDAS E MAIS EU SOMOS INCOMPATIBLES”

ENTREVISTA A XESÚS TRILLO, PRESIDENTE DE CONVIVIVUM GALICIA

Redacción.

A filosofía *slow* (lenta) ve a vida amodiño, sen reloxo. Xesús Trillo é o presidente do Convivium Galicia, a conexión galega do movemento *Slow Food* (comida lenta) que está a piques de oficializarse. Co caracol como mascota, este club é contrario á comida rápida. Defende os xantares con mesa, mantel e cubertos.



Que é o *Slow Food*?

É un movemento que naceu en 1986 en Italia, da man do xornalista Carlo Petrini, como protesta contra a instalación dun McDonalds na praza de España de Roma. Daquela xurdiu a filosofía *Slow Food*.

Significa ‘comer amodiño’?

Significa ‘comida lenta’.

Céntrase na comida?

É unha filosofía que comezou na comida, pero que engloba todo. Agora hai movementos *slow* (lentos) ligados a outros sectores que defenden produtos que estaban en perigo de extinción ou feitos con métodos tradicionais que estaban desprotexidos.

Que é o Convivium Galicia?

Slow Food é o movemento mundial e o Convivium Galicia é unha subdelegación.

Na era das novas tecnoloxías van a pedais? Son un grupo de rebeldes?

Non. En Galicia hai espazo para quen queira gozar dunha hamburguesa e tempo para aqueles que queiran algo da terra feito como antigamente. Aínda hai zonas nas que non se vive o progreso e ese atraso pode ser unha vantaxe á hora de recuperar cousas que están a punto de perderse.

Que ten de malo a rapidez?

Insisto en que non estamos en contra da rapidez nin do sistema. Estamos a favor de defender aqueles territorios que se están a despoboar por falta de proxectos socioeconómicos que fixen a poboación no rural.

Teñen data de constitución?

O vindeiro 18 de decembro en Casa de Trillo, en Muxía. Será a nosa posta de longo.

Mellor ir con tempo, non?

(Risas) Si.

Que menú van ter nesa xuntanza?

Unha degustación de porco celta, que tentaremos acompañar con produtos de millo corvo. Non haberá centola de Lira porque está en veda.

Por que porco celta?

Porque aspira a ser produto baluarte en breve.

Que son os produtos baluarte?

Os que están recoñecidos pola dirección de *Slow Food* como autóctonos ou tradicionais. O millo corvo de Meiro, que é unha variedade autóctona recuperada en Bueu, e a centola de Lira, que se captura dun xeito tradicional, xa teñen este distintivo.

Van montar unha cruzada contra a comida rápida?

Que va! Este non é un movemento en contra de ningún, é a favor de manter tradicións.

No *Slow Food* son lentos na burocracia?

Non. A comisión que avalía foi bastante rápida.

Canto tempo lles levou ser recoñecidos?

Pouco máis dun mes, dende que presentamos a documentación.

Cal é a mascota do Convivium Galicia?

O caracol, que é a imaxe de lentitude en todo o mundo.

O microondas ten cabida no seu fogar?

Non. Somos incompatibles.

Texto adaptado de *A Nosa Terra*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? ▪ Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	

2. RESUMO	2 minutos aprox.
Faga un resumo do contido da entrevista. ▪ De que tipo de movemento se trata? ▪ Como xurdiu a filosofía na que se basea o grupo? ▪ Lembra algún produto dos que defenden?	

3. RELATO	3 minutos aprox.
A. Conte con detalle a súa experiencia ou a dalgún coñecido seu nunha asociación ou agrupación. B. Conte con detalle algunha situación en que vostede ou algún coñecido seu se sentiu superado pola vida moderna, rápida e estresante. C. Conte con detalle un caso de alguén que decidiu cambiar de vida.	

4. INTERACCIÓN	4 minutos aprox.

OPCIÓN A

- Coñece outros grupos ou asociacións parecidos á do texto?
- Que pensa vostede dos grupos que critican os avances da vida moderna?
- Que opina vostede das persoas que dedican o seu tempo libre a traballar en asociacións?
- Recordas se algunha vez pensou que vostede debería cambiar de vida e tomar as cousas

con máis calma? E algún coñecido seu?

- Algunha vez pensou en organizar un grupo ou unha asociación para defender algo?
- (Se *procede*) Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN B

- Que lle parece a idea de estar a favor ou en contra dos avances da vida moderna?
- Pensa que é posible un equilibrio entre a tradición e a modernidade?
- Cre que é positivo que haxa grupos que defenden produtos autóctonos, naturais etc.?
- Que pensa da comida rápida (hamburguesas, comida precociñada...)? Gústalle? Por que?
- Que prefere vostede na vida diaria, a rapidez ou a lentitude? Por que?
- (Se *procede*) Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN C

- Pensa que “o alternativo” pode ser unha filosofía de vida ou é unha moda pasaxeira?
- Ademais da comida lenta, que outros aspectos se poderían cambiar para ter unha vida máis tranquila e natural?
- Que vantaxes pode ter, nunha sociedade como a de hoxe en día, unha filosofía de vida máis natural ou que recupere elementos tradicionais?
- Cre vostede que hai riscos para a saúde ao vivir cun ritmo de vida demasiado acelerado? Por que? Cales?
- Parécelle que todo o mundo podería vivir dun xeito alternativo se quixese? Como?/Por que?
- (Se *procede*) Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?